

O arcediogo de Miñor quedou sen cama
Sentenza contra unha loitosa en Baiona

XULIÁN MAURE RIVAS

RESUMO

Entre os documentos medievais do Arquivo Diocesano de Tui que fan referencia á igrexa de Baiona hai unha sentenza contra unha demanda do arcediogo do Miñor que reclamaba a cama dun crego que finara nesta vila. A introdución sitúa esta sentenza no seu contexto histórico (1388).

PALABRAS CHAVE: *Loitosa, Baiona, cisma.*

ABSTRACT

Among the medieval documents, in the Diocesan File of Tui, that refer to the church of Baiona there is a sentence against a demand of the archdeacon of Val Miñor that claimed the bed of a curate who had died in this villa. The introduction situates this sentence in his historical context (1388).

KEY WORDS: *Heriot, Baiona, schism.*

Introdución histórica

Entre os documentos escritos en pergameos e referentes á igrexa de Santa María de Baiona que se conservan no Arquivo Diocesano de Tui, encóntrase unha singular carta de sentenza dada por Johan Sem Mal, mestrescola na catedral de Tui e xuíz comisario na demanda presentada por García Afonso, arcediago de Miñor.

Despois de levar máis de dez anos de residencia en Baiona, finou no ano 1387 Fernán Martíns, reitor da igrexa de Moscoso (?) e deixara por herdeiro a Fernán Anes, reitor da igrexa de san Lourenzo de Belesar, do arceprelado de Miñor. Como este herdeiro xa se apropiara de toda a herdanza que deixara o finado, o arcediago de Miñor presentouse ante o xuíz reclamando a cama do clérigo defunto, pois, por usos e costumes, correspondía ao seu cargo e dignidade levar a cama dos cregos que morresen baixo a xurisdición do arcediago de Miñor. Os arcediagos tiñan a autoridade delegada dos bispos e na diocese de Tui este arcediago de Miñor tiña baixo a súa xurisdición os arceprelados de Entenza, Ribadetea, Val de Miñor, Tebra e Taras e o da Guarda.

Esta demanda está baseada na existencia dun tributo de orixe feudal, que en Galicia, Asturias e Portugal recibe o nome popular de loitosa ou a designación culta de luctuosa. Xa no sínodo de Compostela de 1114, canon VIII, “ad protegendos pauperes” establécese que non pagarán a “luctuosa” os servos que sigan cultivando as herdades de seus pais. Consistía esta gravame en que o señor da terra, civil ou eclesiástico, cando morría un pai de familia, incautábase da mellor prenda que puidese escoller entre os bens móbeis do finado.

Houbo gran variedade de usos e costumes na aplicación deste tributo *post mortem*. E un dos sectores máis afectados foi o clero baixo e os seus herdeiros, dependentes ben do bispo, do arcediago, do titular do abadengo ou ben dun señor civil. Foi a loitosa fonte de grandes abusos, que deron orixe a frecuentes conflitos e demandas.

O caso recollido nesta carta de sentenza deuse nun tempo moi conflictivo nas terras de Tui. O Cisma de Occidente (1378-1417) dividiu esta diocese quedando a parte portuguesa co Papa de Roma e a galega co Papa de Avignon. O duque de Lancaster, animado polo rei de Portugal e polos galegos petristas e cunha bula papal de Urbano VI de Roma, chega en 1386 ao porto da Coruña coa súa dona Constanza, filla do asasinado rei Pedro I, para ser proclamado rei con todos os dereitos dinásticos da súa muller. Xa rei de Galicia coa súa Corte en Compostela foi tomando o poder en Pontevedra, Vigo, Baiona, Ribadavia e máis Ourense, onde puxo en retirada as tropas do de Trastámara. Foron a peste que asolou o seu exercito e as posteriores negociacións en Ourense cos embaixadores do rei Xoán I de Castela ocasión e causa de chegaren ao Tratado de Bayona (de Francia) en 1388. Por este tratado Catalina de Lancaster, neta do rei Pedro I, de catorce anos de idade, casaría co príncipe Enrique, fillo do rei Xoán I de Castela, de dez anos. A voda celebrouse en setembro do mesmo ano en Palencia. Ese mesmo ano de 1388 é o ano en que está datada esta carta de sentenza, dada ante a reclamación do cumprimento da loitosa que o arcediago de Miñor presenta na Igrexa de Tui ante o mestrescola e xuíz comisario Johán Sen Mal.

Ademais de ter en conta os malos tempos de pestes, guerras e cismas en que se produciu este documento, é interesante analizar o contexto humano. En primeiro lugar a diocese estaba gobernada por un bispo singular que andaría arredor dos trinta anos. Estes son uns poucos datos da súa biografía. Don Diego de Anaya Maldonado

naceu en Salamanca dentro da familia nobre de Anaya. Rematada a súa carreira na universidade salmantina, o rei Xoán I de Castela escolleuno como tutor dos seus fillos Enrique e Fernando, futuros reis de Castela e Aragón. Esta situación facilitoulle boas relacións na vida cortesá e durante este tempo tivo amores cunha moza da aristocracia castelá, Dona María Orozco, filla de Íñigo Orozco, a quen mandara matar o rei D. Pedro. Tivo dela dous fillos, que se chamaron Juan e Diego Gómez de Anaya e que, pasado o tempo, foron autoridades eclesiásticas na mesma cidade de Salamanca. A 20 de xullo de 1384, aos 27 anos de idade e co grao de bacharel en decretos, Diego de Anaya Maldonado foi promovido ao bispado de Tui, de onde pasaría á diocese de Ourense o 28 de xuño de 1390 e dous anos despois xa sería bispo de Salamanca. Pasou á historia como un gran político e eclesiástico, pensador e amante da literatura, sempre destacou a importancia do coñecemento e o valor do estudo. Sendo bispo de Salamanca fundou en 1401 o Colexio Maior de San Bartolomé, coñecido como Colexio Maior de Anaya; nome este de Anaya que aínda hoxe se perpetúa nun dos grandes grupos editoriais da corporación francesa Lagardère.

Outro dos elementos humanos desta carta de sentenza é o propio xuíz comisario Johan Sen Mal, mestrescola na igrexa de Tui. Ademais de aparecer como testemuña en catro documentos (1391-1392), do Tombo H da Catedral de Santiago, onde era cóengo, está citado como referencia nun arrendo que fai o prior do mosteiro de Sta. María do Sar a Domingo Eans e a súa muller Marina Perez das casas que están na rúa do Cinqueello “nas que moraban e tiñan as molleres do mundo”. Estas ditas casas estaban unidas por parede medianeira coas casas en que moraba Johan Sen Mal, cóengo de Santiago. En 1390, cando Diego de Anaya marcha de bispo para Ourense, o arcebispo de Santiago consegue facerse titular por pouco tempo do bispado de Tui, onde estaba como mestrescola o xuíz desta sentenza.

Había pois nestes anos no bispado de Tui posibles conflitos de autoridades e obediencias que poden dar luz para entender o que nos parece singular e rechamante: que ante a demanda dun arcediogo que reclama o cumprimento dunha loitosa, non actúe o provisor ou o vicario xeral da diocese senón un mestrescola de Tui e cóengo de Santiago, que resolverá contra o arcediogo de Miñor García Afonso. Por esta sentenza Fernán Eanes, reitor da igrexa de San Lourenzo de Belesar do arcepresbiterado de Miñor, poderá conservar no seu poder a cama que recibira como herdeiro do crego defunto. Constan como testemuñas entre outros Gonzalvo Centeo, reitor da igrexa de Santa Cristina da Ramallosa e Lourenzo Rodrigues, reitor da igrexa de Santa María de Vilaza. Pola contra sabemos polo P. Flórez que antes de deixar a diocese de Tui o bispo don Diego de Anaya, o seu vicario xeral, Lope Fernández, deu sentenza, o once de xuño do ano 1390, sobre o dereito que tiña o cabido de Tui de percibir loitosas en Vilaza.

Este tipo de documentos, que estudamos en primeiro lugar como testemuñas dunha normalidade lingüística do galego na Idade Media, achégannos tamén os conflitos do poder e as loitas dos seus funcionarios. A reclamación da cama que quería o arcediogo descubriunos que el non era ben visto nin pola baixa clerecía do val de Miñor nin polas altas xerarquías eclesiásticas de Tui, presididas por un bispo, fillo da nobreza salmantina, que chegaría a ser o primeiro Presidente do Consello de Castela durante trinta e cinco anos (1402-1437). Estaría todo contaminado pola división de devocións entre Roma e Avignon ou polas fidelidades encontradas entre petristas e os de Trastámara? Ou por intereses internos da curia de Tui que hoxe descoñecemos?

Para rematar o contexto desde documento que sen nomear a palabra é unha demanda de cumprimento dunha loitosa, copio o remate do artigo de Benito F. Alonso publicado en 1901 co título “La luctuosa”, onde enumera a serie de conflitos que esta gabela orixinou na diocese de Ourense: “Lo que sin duda alguna puede asegurarse, es que, ante la impopularidad y lo innoble de esta y otras gabelas que, durante la Edad media, tomaron carta de aclimatación en el país, la contradicción y la lucha de señores, vasallos y pecheros, las dejó extinguidas en medio del aplauso general. Las leyes de 6 de Agosto de 1811, 3 de Mayo de 1823 y 26 de Agosto de 1827, con sus reformas y anulaciones, echando por tierra la luctuosa dieron el golpe mortal á la caterva de tributos que, con los nombres de fogaza, fumaxe, foguera, infurción, humo, conducho, martiniego, yantar, fonsadera, provenientes unos del señorío jurisdiccional y otros del territorial y solariego, se pagaban por casamiento, defunción, tierras, casas habitadas, etc., etc.; declarando abolidas los dictados de vasallo y vasallaje...”

Normas de transcripción e lectura do documento

Para unha cómoda lectura do texto é conveniente ter presente os seguintes criterios de transcripción. As maiúsculas e minúsculas obedecen ás normas do sistema gráfico actual. O mesmo vale para o uso de acentos e puntuación. Hai palabras que levan supraescrito un ^l como en «ano^l» ou en «mill^l». Indica que no orixinal manuscrito leva un til, signo xeral de abreviación, que non ten correspondencia fonética. O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ó fonema palatal /ʎ/, que aparece nas palabras «moller» ou «fillo», como ó fonema /l/ das palabras «mill» ou «polla», que se deben ler “mil” e “pola”. As palabras abreviadas transcribíense na súa forma plena, indicando en *cursiva* as letras abreviadas. Así a palabra «Ts» transcribíese como *Testemuñas*. Cando o til de nasalidade <~> vai sobre unha vocal con valor de nasal implosiva, transcribíese cun *n/m* en letra cursiva; por exemplo, «cō» transcribíese *con*. Respéctanse os dobres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vogais e consoantes. Así atopamos «auer ou leuar » que hoxe escribiríamos con <b/v> «haber ou levar», e tamén «igleia » que na ortografía actual leva o grafema <x> «igrexas». En xeral seguimos as normas de transcripción de uso máis frecuente nos documentos galegos, publicadas polo profesor Ramón Lorenzo (1988).

Transcripción da carta de sentenza contra o arcediogo de Miñor

Sentenza do mestrescola de Tui ante a demanda dunha cama por parte do arcediogo de Miñor

Tui 1388, 19 de febreiro

Arquivo da Catedral de Tui: Doc. Baiona 55

Sabeam *quantos* esta carta de *sentença* virem *que* ante *mī*, *Johán* sem mal, *mestrescola* ena^l *igleia* de Tui, *juis comi*^[01] *sario* em este *feyto que* se *adeante* sege, *dado per Garcia Afonso*, *arçediogo* de Miñor ena^l dita *igleia*, *apareçerom* em *juiso*^[02] o dito *arçediogo* por *sy* et em nome da sua *dynidade*, de *hũa parte*, et *Fernán Anes*, *reitor* da *igleia* de san Lourenço de^[03] *Belessar* do *arçiprestado* de Miñor, por *sy*, da *outra*, *disendo* o dito *arçediogo que* como^l *el*, *perlos* seus *anteçesores que*^[04] *forom arçediagos* de

Miñor, por nome da dita súa dingnidade, esteuesse em huso et em custume des tanto tempo,^[05] et por tanto tempo que memoria de anos⁴ non he em contrario, de auer et leuar a cama de qual quer clérigo que finasse^[06] et fosse beneficiado ou morador eno⁴ dito arçiprestado de Miñor, et como⁴ em este ano⁴ que ora pasou do nacemento^[07] de nosso señor Jesu Cristo de mill⁴ et tresentos et oytenta et sete anos⁴, se finasse ena⁴ villa de Bayona, que he^[08] eno⁴ dito arçiprestado, Fernán Martíns, reitor da igeia de Moscoso et fosse morador da dita billa de Bayona per espaço^[09] de dez anos⁴ et mays, et leixasse por seu herel et conpridor ao dito Fernán Anes; et por esta rrasom do dito^[10] custume a el, dito arçediago, perteeçesse a cama do dito Fernán Martíns; et o dito Fernán Anes entrasse a dita herença^[11] et rrecusasse de lle dar a dita cama; et pedía a mī que per miña sentença de juiso constringesse a dito Fernán^[12] Anes que lle desse a dita cama ou çincoenta marauedis de brancos, a que a estimaua, non perdendo per mays nen per^[13] menos. Et o dito Fernán Anes, pleito contestando, disse que uerdade era que o dito Fernán Martíns se finara^[15] et que leixara a el por seu herel et que el consentira ena⁴ dita herança; mays disse que negaua que o dito^[16] arçediago por sy, nen por seus anteçessores, esteuesse em husso nen em custume de leuar nen auer a cama de^[17] algũu clérigo, beneficiado ou morador do dito arçiprestado quando se finasse. Et eu, dito mestrescola, preguntey^[18] ao dito arçediago se quíria prouar o dito custume et el disse que non entendía de o poder prouar,^[19] mays que o poyña em juramento deçissorio do dito Fernán Anes. Et eu rreçeby juramento aos santos^[20] auangeos do dito Fernán Anes. Et el, pelo dito juramento disse que el nunca vira ao dito arçediago nen^[21] a seus anteçessores leuar a cama do clérigo que se finasse eno⁴ dito arçiprestado de Miñor nen oyra^[22] diser nen sabía; pero que por ello preguntara a outros clérigos mays antigos⁴ que sy, et que o dito arçediago, nen^[23] seus anteçessores, esteuesse em custume nen em huso de auer as ditas camas dos clérigos do dito^[24] arçiprestado, segundo que as demandaua; mays que a leuauam os herees dos clérigos que se y finauam,^[25] et que por esta rrasom non era tiudo de lle dar a cama do dito Fernán Martíns; ante pedía^[26] a mī que o absoluesse da demanda do dito arçediago et lle posesse çilêncio perpetuo, que o non deman^[27] dasse sobre elo d' aquí adeante. Et sobre esto as ditas partes concludiron et pediron sentença. Et eu,^[28] mestrescola et juys sobre dito, vista a petiçón do dito arçediago et a contestaçón do dito Fernán Eanes et^[29] o juramento em el posto perlo dito arçediago et o depoemento et rresposta del feita per lo dito Fernán^[30] Anes et todo o alegado da hũa et da outra parte, as partes presentes et interloquendo, pronunçio que o dito^[31] arçediago non prouou súa entençón. Et por ende, em este presente escripto, per sentença defenetiuua^[32] absoluo o dito Fernán Eanes da demanda do dito arçediago, et poño çilêncio perpetuamente ao dito arçediago^[33] que o non possa demandar sobre la dita cama d' aquí adeante. Et, que esto seia çerto, esta carta de sentença^[34] mandey ende dar ao dito Fernán Anes seelada con meu seelo et firmada do meu nome. Dada^[35] em Tuy, quarta feira, dez et noue días do mes de feureiro, ano⁴ da naçença de noso señor Jesu Cristo^[36] de mill⁴ et treçentos et oytenta et oyto anos⁴. Testemuñas que forom presentes: Gonçaluo Çenteo, reitor^[37] da igeia de santa Cristina da Ramallosa, et Lourenço Rrodrigues, rreitor da igeia de santa María de Vilaça^[38] et Rodrigo Afonso, sobriño do dito arçediago, et Afonso de Seuylla, toneeyro, vesiño de Tuy, et outros.^[39]

Scolasticus tudensis

Rui de Vitureira, scriuan